



**PLAN DE TRABAJO DE CIENCIAS DA NATUREZA.
2º PRIMARIA. CURSO 2024-2025
PROFESOR/A: EQUIPO DOCENTE DE 2º NIVEL**

MATERIAIS:

- Material funxible: cadernos do alumnado, folios, cartolinas, lapis, goma, ceras, rotuladores, bolígrafos...
- Material elaborado: fichas de traballo, produtos finais do proxecto, flipbook, produtos finais...
- Recursos dixitais: tabletas, ordenadores portátiles, presentacións dixitais, páxinas web, aula virtual, vídeos...
- Libros de lectura
- Libros de consulta
- Xogos
- Elementos da contorna

PLAN DE TRABAJO:

Os contidos da área de Ciencias da Natureza estrutúranse en catro bloques de contidos:

- Bloque 1. Cultura científica
- Bloque 2. A vida no noso planeta
- Bloque 3. Materia, forzas e enerxía
- Bloque 4. Tecnoloxía e dixitalización

A aprendizaxe destes desenvolverase a través de pequenos proxectos, concretamente tres ao longo do curso, que nos permitirán achegarnos a unha cultura científica, baseada na indagación e investigación, a observación e experimentación.

A estrutura do traballo diario vai a ser a seguinte:

- Punto de partida: lanzamento do tema a tratar e rutina de pensamento KWL para pescudar "que sabemos" (detección de ideas previas) e "que queremos saber". Motivación do alumnado para espertar o interese no tema.
- Definición do produto final que imos facer e determinación do que hai que



saber.

- Busca e recompilación de información no espazo dedicado ao proxecto. Introducción de novos conceptos.
- Análise e posta en común da información.
- Producción/taller: chega a hora de poñer en práctica toda a información recadada e plasmala no noso caderno para ter evidencias. Comezamos tamén a executar o produto final.
- Presentación do produto final.
- Reflexión final sobre a experiencia. Comparamos o que sabíamos ao inicio co que aprendemos. Xogo final a modo de repaso dos novos contidos.

Variarase o agrupamento do alumnado, aínda que primará nesta área o traballo en equipo; non obstante, haberá momentos para a reflexión individual e o traballo en gran grupo.





CONTIDOS POR TRIMESTRE:

Os bloques de contidos desta área, citados no apartado anterior, son globais e trabállanse de xeito gradual nos tres trimestres, podendo haber variacións en función do ritmo e necesidades do alumnado.

1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
<ul style="list-style-type: none"> - As etapas da vida. - Funcións vitais: relación, nutrición e reprodución. - Os cinco sentidos e os seus órganos. - O movemento e o aparello locomotor: ósos, músculos e articulacións. - O aparello respiratorio: partes e funcionamento. - O aparello dixestivo: partes e funcionamento. - Hábitos saudables: hixiene, alimentación, descanso e exercicio. - A alimentación saudable e os principais grupos de alimentos. - Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social. 	<ul style="list-style-type: none"> - Seres vivos: características e funcións vitais. - Os animais: <ul style="list-style-type: none"> • características • clasificación (vertebrados e invertebrados) • hábitats e adaptacións dos seres vivos • coidado e respecto cara aos animais - As plantas: <ul style="list-style-type: none"> • características e partes que as conforman • clasificación • reprodución • importancia das plantas e o seu coidado 	<ul style="list-style-type: none"> - O método científico e os seus pasos. - A materia: estados e propiedades. - As substancias: puras e mesturas. - Formas de enerxía: luz e son. - Máquinas e aparellos da contorna - Dixitalización

